

A AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE ORGANIZA UN ENCONTRO TRANSFRONTEIRIZO PARA DESENVOLVER UN PLAN DE ACCIÓN NO EIDO DA MEDICINA PERSONALIZADA E DO ENVELLECIMENTO ACTIVO NO MARCO DO PROXECTO TRANSFIRESAÚDE

- TRANSFIRESAÚDE *persegue a creación dunha rede de cooperación territorial no eido do ecosistema de innovación, e conta cun orzamento de 1,8 millóns de euros financiados nun 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)*

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2024.- A Axencia Galega de Coñecemento en Saúde, que coordina o proxecto TransfireSaúde, organizou unha xornada de debate transfronteirizo e intercambio de ideas sobre a Medicina Personalizada de Precisión (MPP), así como sobre o Envellecemento Activo e Saudable (EAS), xuntos aos socios portugueses.

O obxectivo do Grupo de Traballo Transfronteirizo (GTT) foi definir accións que poidan ser incluídas no Plan de Acción de TransfireSaúde e que impulsen a investigación colaborativa en Medicina Personalizada e de Precisión e Envellecemento Activo e Saudable, que poderán desenvolverse en Galicia, Rexión Norte de Portugal ou conxuntamente en ambas as rexións.

O propósito central do taller transfronteirizo foi por tanto contribuír ao desenvolvemento do Plan de Acción mediante a mellora do acceso dos pacientes e da formación dos profesionais de MPP e a integración efectiva dos sectores público, privado e social de EAS, tanto en Galicia como na Rexión Norte de Portugal.

Previamente a este taller, nos últimos meses realizáronse independentemente outros dous, un na rexión de Galicia e outro na rexión Norte de Portugal, polo que neste taller transfronteirizo puxéronse en común as accións e necesidades de ambas as rexións para analizar a súa viabilidade de desenvolvemento.

O grupo de Medicina Personalizada e de Precisión, moderado por María Jesús Barrada, volveu tratar os temas de “Acceso dos pacientes á MPP” e a “Formación de profesionais sanitarios sobre MPP”. O grupo estivo formado por:

- Eva Póveda López, Directora Científica, IIS GaliciaSur
- Ignacio López Loureiro, Técnico da Unidade Avalia – T, doutor en bioloxía
- M.ª Soledad Otero Piñeiro, Investigadora, Grupo de Medicina Xenómica
- Henrique Almeida, Médico especialista en Xinecología e Obstetricia, Hospital CUF Porto
- Hugo Prazeres, Transferencia de Tecnoloxías, i3S Instituto de Investigación e Inovação em Saúde
- Nadine Correia Santos, Investigadora do Instituto de Investigación em Ciências da Vida e Saúde (ICVS) e do Centro de Medicina Digital P5 da EM/UMinho
- Pilar Morgade Saavedra, Directora da Área de Planificación da Investigación Sanitaria da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS)

O grupo de envellecemento activo e saudable, moderado por Adela Farré,

CONTIDOS
RELACIONADOS
TRANSFIRESAÚDE
A Axencia Galega de Coñecemento en Saúde organiza un encontro para identificar propostas de mellora no eido da Medicina Personalizada e do envellecemento activo no marco do proxecto TRANSFIRESAÚDE

tratou de novo as temáticas “Aprender a Envellecer” e “Interface sistema de saúde/coidado domiciliario” e conformárono:

- Manuel Portera Romero, Médico de Familia, SERGAS
- Yolanda Triñanes Pego, Doutora en Psicoloxía, Avalia – T
- Xermán Bugallo Sanz, Médico Preventivista, Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, Coordinador REGAPS
- Claudia Bulhões, Médica especialista en Medicina General, ULS-Braga
- Carlos Valéiro, Médico, Secretario de la Santa Casa da Misericórdia de Braga (SCMB), Departamento de Salud y Relaciones Exteriores
- Ana Novo, Xerontóloga, Xerente Centro Colibrí
- José María Romero, Director da área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS)

Este Plan de Acción facilitará o fomento da investigación colaborativa en Medicina Personalizada e Precisión (MPP) e Envellecemento Activo e Saudable (EAS), así como a implementación de estratexias de MPP e EAS nos sistemas de saúde de Galicia e o Norte de Portugal.